

Coa colaboración de:



EN QUE CONSISTE O PLAN MECUIDA?

Este plan recolle todos os dereitos de adaptación ou redución de xornada estipulados na lei e amplíalos para cubrir as circunstancias excepcionais causadas pola crise sanitaria da COVID-19.

O dereito poderá referirse á distribución do tempo de traballo ou a calquera outro aspecto das condicións de traballo, cuxa alteración ou axuste permita á persoa traballadora dispensar a atención e coidado precisos.

Polas circunstancias excepcionais asociadas á COVID-19, a súa concreción inicial é unha prerrogativa da traballadora ou traballador.

Empresa e traballador ou traballadora deben facer todo o posible para chegar a un acordo.

A adaptación ou redución de xornada pode concretarse en:

1. Cambio de quenda
2. Alteración do horario
3. Horario flexible
4. Xornada partida ou continuada
5. Cambio de centro de traballo
6. Cambio de funcións
7. Cambio na forma de prestación do traballo (incluída a prestación de traballo a distancia ou calquera outra modalidade que puiden implantarse).

E debe ser «xustificada, razoable e proporcionada».

Debe comunicarse con 24 horas de antelación e pode chegar ata o 100 %, de ser necesario.

A redución de xornada leva implícita a redución proporcional do salario.